

Carta dun bicicleteiro aos veciños de Lérez

Luis Alberto Samartín Biénzobas

Queridos amigos:

Un amigo pedíume que redactara unhas letras para esta interesante revista, pero antes de meterme na cuestión, quería aproveitar a oportunidade para agradecerlle aos veciños de Lérez que no seu día cederon os terreos en man común para que se puidesen facer os centros escolares da Xunqueira e o Campus Universitario. Isto significou a posibilidade de posuír varias facultades únicas en Galicia, o que fai que moitos alumnos que queiran cursar eses estudos teñan que vir á nosa cidade, que supón un grande pulo para o desenvolvemento cultural, económico e social de Pontevedra e grazas a elo, moita xente nova bule' polas nosas rúas axudando a crear ese ambiente que enriquece a vida da Cidade do Lérez.

Pero comecemos o desenvolvemento das miñas teimas. En primeiro lugar, está o feito de que moitos rapaces veciños de Lérez, alumnos do IES A Xunqueira II, saben que durante o curso pasado algúns profesores estivemos traballando para promocionar o emprego da bicicleta entre os escolares. Para realizar o noso plan participamos no concurso da Voz de Galicia chamado Voz Natura. Concedéronnos o premio ao traballo máis orixinal de entre os 160 centros escolares participantes, e a nós encheunos de satisfacción. Co importe deste premio elaboramos carteis, trípticos, adhesivos, camisetas, concursos etc. dirixidos aos alumnos do Instituto para convencelos do útil, ecolóxico, saudable, barato e rápido que resultaría o emprego da bici nos seus desprazamentos cotiáns.



Aparcadoiro de bicis nunha estación de tren.

Pero a ledicia nunca é completa porque, por riba do premio, están os nosos ideais referidos a ese vehículo de dúas rodas. O que escribe estas letras é un auténtico convencido dos importantes beneficios do emprego diario da bici para facer os desprazamentos na cidade, tanto para o medio ambiente como para a nosa saúde.

Algunhas persoas recordarán cando non había tantos coches e as bicicletas eran o medio máis habitual de desprazamento. Homes e mulleres de calquera idade, con certa parsimonia, empregaban a bici para trasladarse dende as súas aldeas ata a vila. Os que tiñan unha bicicleta eran xente con posibles e iso notábase. Pero o "progreso" foi eliminando lentamente esa estampa das nosas retinas. Daquela non había costas, nin suores, nin distancias, só había necesidade, e as bicicletas servían para xogar cos amigos ou para ir traballar e á feira. Se che tocaba subir unha costa, ías máis a modo ou baixábaste e empurrabas ata chegar á cima.

Pero á volta duns anos, o combustible fósil e as enerxías non renovables viñeron a substituír a humilde bicicleta. Ela só precisaba para funcionar enerxía a base de patacas, pan, caldo e un pouco de

carne de cando en vez. Pero era moito máis doado darlle á chave do contacto para acender a moto ou o SEAT 600. O combustible estaba barato, as estradas baleiras e, aínda que tiveses que te endebedar, a moda impoñíase e un non ía perder o tren da modernidade.

Como todos fomos caendo nas tentacións do progreso, o número de coches nas nosas vilas foi aumentando rapidamente, mentres as rúas non estiraban para ir acollendo cada vez a máis coches. Os poucos que conservaban unha bicicleta deixaron de usala, non fosen pensar os veciños que eles non tiñan cartos para un coche. Fose coma fose, todo o mundo se motorizou a pesar de que o prezo, os fumes, os ruídos, os aparcadoiros e os seguros eran problemas novos a engadir aos que xa tiñamos. Pero había que facer bo aquilo de que "sarna con gusto, non pica"

Mentres, noutros mundos, alá polas holandas, alemañas e dinamarcas, as cousas pintaban moi diferentes. A xente amarrábase ao seu vehículo tradicional de dúas rodas e esixíanlles ás autoridades que lles construísen carrís-bici para desprazarse mellor polas rúas e creábanse aparcadoiros para deixar con seguridade as bicis. Incriblemente, a pesar da dureza do clima, canto máis melloraba a vida económica e social dos países que sufriron a 2ª Guerra Mundial, aqueles cidadáns máis se aferraban ás súas tradicións. Claro que eles tamén compraban coches potentes, construían autoestradas e invertían no carril de ferro, pero seguían a desprazarse a cotío na súa querida bicicleta, sen darlles vergoña e pedaleando como o seu corpo llo permitía. Eles conducían a bici sentíndose orgullosos de algo tan seu.

Máis tarde viñeron os estudosos a dicir que resulta saudable facer exercicio aeróbico diario,



Pegatina reivindicativa dos alumnos do IES Xunqueira II

como é o de montar na bici, para prever enfermidades cardiovasculares que aumentan paralelamente ao incremento do nivel de vida. Tense demostrado que andar en bici durante dez minutos ao día reduce o risco de infarto nun 50%.

Pasados os anos, no mundo do progreso, apareceron a crise enerxética, a contaminación por ruído, o quentamento global e o Protocolo de Kioto, o culto ao físico, a crise económica, a ecoloxía, e unha chea de novidades que enchían as páxinas dos xornais. Pero mentres moitos europeos viaxaban nesta vórtice medioambiental acompañados das súas bicicletas que lles axudaban a amortecer estes efectos negativos que o progreso estaba a ocasionar, aquí mirabamos para a noso embigo e preferiamos manter o nivel de “benestar” que tanto nos custara acadar. Pero, cando empezamos a viaxar polo estranxeiro, como turistas e non como emigrantes, puidemos comprobar como as bicicletas seguían a estar presentes, invadíndoo todo, sen idade nin complexos nin moda, vendo como mellora a vida de moitos millóns de cidadáns europeos. E, ao velos tan garbosos, só puidemos sentir envexa.

En España e en Galicia, unha vez máis, cumpriuse o de “Spain is different” do que tanto presumimos na etapa franquista. Tiveron que pasar moitos anos de “progreso” para que algúns, alentados polo tour e os indurains, empezasen a desempoar as súas bicicletas, e saír os domingos a pasear tentando emular aos nosos deportistas que gañaban grandes carreiras. Inexplicablemente facían crer fóra que, para as bicis, os Pirineos xa non existían.



Xente circulando polas rúas de Copenhague convivindo cos coches.

Hoxe, a situación está a cambiar. Nalgunhas cidades como Barcelona, xa case parece que estás a pasear por unha cidade centroeuropea, malia que non se ven taxis-bici como por alá, ou non poidas coller unha bici de balde e moverte con ela pola cidade, deixándoa aparcada como se se tratase dun carriño dunha área comercial. En xeral, estase a mellorar, sobre todo en Andalucía e nas comunidades do Cantábrico. En Galicia, a cousa vai desigual. Temos bos exemplos, como o da Coruña onde a bici ten o seu espazo, pero o seu emprego é aínda testemuñal.

Agora, na nosa cidade gozamos dunha peonalización que fai difícil o desprazamento dos vehículos a motor polo centro. Por iso, algúns cremos que é o momento de recuperar o emprego da bicicleta. Temos que recuperar o tempo perdido e voltar a ir á vila na bici, como facían os nosos pais e avós. Deste xeito, aparte de mellorar a nosa saúde, poderemos chegar en pouco tempo a calquera recuncho da cidade. A bici non só é un transporte saudábel, senón que tamén é unha forma de colaborar co medio ambiente na redución das emisións dos gases de invernadoiro e axuda a que as



Xente trasladándose en bici - taxi en Copenhague

Un grupo de profesores da Xunqueira II, tivemos unhas xuntanzas cos gobernadores locais, pero non atopamos unha clara resposta de apoio para a promoción do emprego da bici. Realmente é unha mágoa e parécenos anacrónico este tipo de actitudes. Considérase que a bici está en mans de catro nostáxicos e uns poucos ecoloxistas.

ciudades sexan máis silenciosas e agradábeis. Veño de estar uns días en Copenhague e resultoume admirable que unha cidade tan grande puidese ser tan cómoda para vivir. Penso que en gran parte se debe a que alí todas as persoas se desprazan en bicicleta ou en transporte público. A bici, ademais, é un elemento uniformador das clases sociais porque todas as persoas, sen distinción, a usan.

Quizais o cambio de mentalidade veña cando os cidadáns empreguemos a bici cada día máis. Temos que ser nós, os que cunha revolución pacífica, axudemos a cambiar a mentalidade do mal chamado progreso. Para isto, desde aquí, pido aos veciños de Lérez a súa axuda, na seguridade de que, cando comeceades a ir á vila nas vosas bicis, non só favorecereades o medio ambiente, senón que, ademais, comprenderedes os beneficios que vos reporta para a vosa saúde. Ánimo, podes empezar hoxe mesmo.

Eu pregunto, ¿chegaremos a recuperar a bicicleta en Pontevedra como elemento de transporte xeneralizado? Penso que é posible. E, precisamente, este é o momento. A nosa cidade é chá, non ten longas distancias e, coa peonalización, a forma máis rápida e cómoda de desprazamento é a bici. Ademais, temos un clima benigno, que nos permite ir en bici unha chea de días ao ano. Pero para que a bicicleta se faga extensiva á poboación da cidade e aos veciños do rural, é necesario que o concello habilite carrís bici que permitan a circulación de xeito doado, desde as parroquias ata a vila e se instalen aparcadoiros de bici espallados por toda a cidade para non ter que deixala atada ó pé dun farol.

Unha grande aperta dun bicicleteiro máis.



Sinal de uso compartido de espazos para peóns e bicicletas.